

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 36013588 | CPI do Toural | Vilaboa | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza | 1º Pri. | 3 | 105 |

Contido**Páxina**

| | |
|---|----|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público integrado, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no primeiro curso da etapa, polo que conta con seis anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

O primeiro curso de Ed. Primaria está formado por 13 alumnos e alumnas de diferentes procedencias. 4 alumnos/as procedentes do CPI do Toural (2 alumnas e 2 alumnos) e 9 do CRA de Vilaboa (3 alumnas e 6 alumnos). É por isto que a metodoloxía de traballo irá encamiñada á cohesión do grupo, sobre todo no primeiro trimestre, primando a rotación nos grupos de traballo e parellas de aprendizaxe.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o laboratorio.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | | | 5 | | 1-2-3 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | | | 3-4 | 5 | 3-4-5 | | 1-3 | 4 |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|-----------------------|---|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | COMO SOMOS? | O núcleo motivador da unidade é o propio corpo humano, traballando as principais partes do corpo e os hábitos saudables para o seu coidado. | 20 | 18 | X | | |
| 2 | COIDAMOS O NOSO CORPO | A unidade céntrase no coñecemento dos órganos dos sentidos, a súa relación co medio e os hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social. | 20 | 18 | X | | |
| 3 | A NOSA CONTORNA | O punto de partida son os seres vivos que coñecen, diferenciánndoos dos seres inertes e as relacións que se establecen no medio entre seres humanos, animais e plantas. | 15 | 18 | | X | |
| 4 | OS ANIMAIS | A motivación da unidade parte dos animais. Traballaranse os animais salvaxes e domésticos, vertebrados e invertebrados, así como súas características propias. | 15 | 18 | | X | |
| 5 | AS PLANTAS | O coñecemento das plantas é a parte máis importante desta unidade. Traballaranse os diferentes tipos de plantas, o seu coidado e características. | 15 | 17 | | | X |

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | COMO FUNCIONA? | Os diferentes tipos de materiais e as máquinas e aparellos serán o eixe fundamental da unidade. O alumnado coñecerá a orixe dos diferentes materiais e o seu uso e conservación, así como a identificación das partes e o funcionamento das máquinas. | 15 | 16 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | COMO SOMOS? | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías. | Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado. | PE | 65 |
| CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer as principais partes do corpo. | | |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | | |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | TI | 35 |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.
- Identificación e descripción das partes do corpo humano.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 2 | COIDAMOS O NOSO CORPO | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer os órganos más importantes. | PE | 35 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizandoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 65 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demás e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence. | Identificar as emocións propias e as dos demás. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demás. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | A NOSA CONTORNA | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándos dos seres inertes. | PE | 30 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación. | Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación. | TI | 70 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizando en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | | |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno. | | |
| CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio. | Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un producto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. |

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.
- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4 | OS ANIMAIS | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoo dos seres inertes. | PE | 40 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizando en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 60 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.3 - Mostrar actitudes de respeito para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común. | Mostrar actitudes de respeito cara a natureza. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respeito cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | AS PLANTAS | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as características dos seres vivos do seu entorno, diferenciándolos dos seres inertes. | PE | 40 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizánndoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 60 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común. | Mostrar actitudes de respecto cara a natureza. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un producto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. |

Contidos

- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 6 | COMO FUNCIONA? | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá. | PE | 30 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 70 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos. | Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. | | |
| CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio. | Amosa hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un producto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos componentes básicos dun computador. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo. |

4.1. Concreciones metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 3, 4 e 5 afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna, identificando ós seres vivos, a importancia do seu coidado e as características principais dos animais e plantas.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 1, "Como somos?" traballaremos as principais partes do corpo humano e os hábitos saudables relacionados co benestar físico. Para traballar este contido, por equipos, realizarán a súa silueta no chan, sinalarán as partes do corpo e despois terán que completar a silueta debuxando unha persoa. Ademais, realizaremos xogos de rol para identificar emocións e na asemblea compartiremos accións que favorezan o benestar físico e emocional.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, proponer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta durante a unidade 5, e ao longo da unidade 6, analizar de que están feitos e como funcionan os seus xoguetes, deseñar un robot sinxelo e facer unha programación sinxela con ScratchJr.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna más próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-----------------------|
| Recursos persoais |
| Recursos materiais |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais |
| Recursos espaciais |

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizáns institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinhas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.

- Test da figura humana.

- Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a súa contorna, como por exemplo, diferentes tipos de ecosistemas, materiais da aula, do fogar ou de obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento

como por exemplo "Color-Símbolo-Imaxe".

·Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 20 | 15 | 15 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 65 | 35 | 30 | 40 | 40 | 30 | 41 |
| Táboa de indicadores | 35 | 65 | 70 | 60 | 60 | 70 | 59 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliação. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que componen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliação como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en

equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais;
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | | | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores. | X | X | X | | | |
| ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. | X | | | | | |
| ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción |
|--------------------|---|
| Saídas culturais | Visita a un museo, exposicións... |
| Saídas á contorna | Nas que coñeceremos os ecosistemas más próximos. |
| Charlas formativas | Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións. |
| Obradoiros | Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte... |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Funcionalidade da programación. |
| Coherencia entre os obxectivos e os contidos. |
| Actividades adecuadas. |
| Estilo de ensinanza. |
| Rol do docente. |
| Temporalización. |
| Organización dos recursos materiais. |
| Medidas de atención á diversidade. |
| Motivación do alumnado. |
| Procedementos de avaliación. |

Descripción:

Á hora de levar a cabo a avaliacion do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliação como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliação, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliação e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliação obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliação, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados